



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE OFICIAL PARA O SERVIZO DE AUGAS MUNICIPAL AO ABEIRO DO CONVENIO ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO-PROGRAMA DEPUEMPREGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de DOUS (2) oficiais, ao 100% da xornada, na modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, para que preste os seus servizos no Concello de Barreiros, dentro do servizo de augas municipal.

SEGUNDA.- NATUREZA DO CONTRATO.

A natureza do contrato será laboral temporal ao 100% da xornada coas ao abeiro do establecido na lexislación vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do correspondente contrato ou a alta de dito contrato, e rematando o día 31 de outubro de 2017. Os primeiros quince días do contrato de traballo, constitúen o período de proba.

O Soldo bruto mensual será de 956,18 €, e a PP pagas extras de 112,70 €. O grupo de cotización será o 8.

TERCEIRA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexerá polo disposto:

-No artigo 15.1 a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

-Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

-Real Decreto lexislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia

-Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

-Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

-Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

-Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

-Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

-Así mesmo esta contratación rexerá polo establecido no Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO.



CUARTA.- FINANZAMENTO.

A presente contratación está financiada ao cento por cento pola subvención concedida polo Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO.

A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de Barreiros.

QUINTA.- PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas na páxina web do concello, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto na cláusula quinta do Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO.

SEXTA.- REQUISITOS DOS/AS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
- d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Estudos oficiais acreditados de fontanería, certificado de profesionalidade ou ben experiencia laboral como fontaneiro de tres anos, como mínimo, dentro dos últimos dez anos. Deberá estar na súa posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias e deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente ou calquera outra documentación oficial que acredite a experiencia (vida laboral, alta como autónomo, certificado de empresa,...). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.



SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As instancias, dirixidas ao Sr. Alcalde, achegaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 09:00-14:00, durante o prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 2 de outubro. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante fax, durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base Sexta, e achegarán:

- Fotocopia do D.N.I.
- Solicitude de participación (Anexo I E Anexo II)
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na Base Novena, en orixinal ou fotocopia autorizada por fedatario público, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.
- Fotocopia cotexada da documentación acreditativa da titulación ou da experiencia laboral.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Rematado o prazo dos 5 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web: www.concellodebarreiros.com.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días naturais, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas no prazo de dous días naturais coa publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

NOVENA.- SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS.

O proceso selectivo será o concurso de méritos que será valorado cuantitativamente polo Tribunal de selección que se constitúa e os méritos dos aspirantes serán valorados como se indica a continuación:

VALORACIÓN DE MÉRITOS. (5 puntos)

Na selección valoraranse os seguintes méritos:

A) Formación, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ó que se opta (non se valorará a formación que sexa requisito para ter a titulación que habilite para participar neste procedemento), valorarase a formación nas materias propias do posto. Máximo: 1 punto.

Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso.

Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso.

Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso.



A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

Non se valorarán as asistencias a xornadas, conferencias ou cursiños en xeral dunha duración inferior a cinco horas. Só se valoraran os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración.

B) Experiencia profesional (non se valorarán os tres anos de experiencia si son requisito para participar no procedemento selectivo): puntuación máxima: 3 puntos (0,05 por cada mes completo).

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados:

-No caso de traballadores por conta allea: a través de, copia cotexada de contrato de traballo e informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou ben, de certificado, no caso da Administración, ou certificado de empresa, no caso da empresa privada, sempre que quede acreditado de forma clara e expresa, a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; no caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

-No caso de traballador autónomo: mediante o informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

-No caso de traballos no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

C) Por posuír o Celga 1 ou superior, que se acreditará mediante diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística. Máximo: 0,20 puntos.

D) Por ser: muller, desempregado/a maior de 45 anos, vítima de violencia de xénero, persoa con discapacidade, parado de longa duración, integrantes de grupos desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Máximo: 0,8 Puntos (no caso de atoparse o candidato en máis de unha das situacións descritas só se valorará unha). Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa da mesma.

Unha vez publicado o resultado do tribunal cualificador, os solicitantes terán un prazo de dous (2) días naturais para a presentación de reclamacións. Esta reclamación será contestada nun prazo máximo de dous (2) días naturais. Transcorrido o prazo sen reclamacións a lista entenderase elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva de puntuacións no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello no prazo máximo de dous días naturais. As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dun/ha traballador/a destas características, acudirán a dita bolsa seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse



aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ao/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requirida no punto undécimo das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa. A vixencia desta bolsa será polo tempo que duren a contratación subvencionada.

DÉCIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía no que se aprobe a relación provisional de admitidos e excluídos. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a do Concello de Barreiros ou persoa en quen delegue.
- Secretario: o secretario do Concello de Barreiros ou persoa en quen delegue.
- Vogais: dous funcionarios ou persoal laboral do Concello de Barreiros.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

2. - Abstención e recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas na lei, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusados de acordo na lei.

3. - Constitución e actuación.

Para a válida constitución e actuación do Tribunal cualificador, requirirase a presenza de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, e sempre a do Presidente e a do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

4. - Vinculación das resolucións do tribunal.

O Presidente da Corporación resolverá segundo a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-Presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

UNDÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a correspondente proposta de desinación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación. No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia. De persistir o empate procederase a un sorteo entre os/as implicados/as. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que postos convocados.

Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados por orde de puntuación.

Os/as aspirantes propostos/as achegará no prazo de dous (2) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):

- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.



- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 6ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurrirá por falsidade na solicitude de participación.

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal de traballo de interese social.

O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento de esta convocatoria.

Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ós aspirantes, que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan en estas bases, realizaranse unicamente por medio do taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web.

DUODÉCIMA.- RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Barreiros, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Barreiros, 25 de outubro de 2016

O Alcalde,

Asdo.: Jose Alfonso Fuente Parga



CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

OFICIAIS PARA O SERVIZO DE AUGAS MUNICIPAL AO ABEIRO DO CONVENIO ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO-PROGRAMA DEPUEMPREGO.

D./D.^a _____ con DNI _____, con enderezo a efectos de notificación en _____, teléfono _____; Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiveren coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a contratación laboral temporal indicada.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita contratación e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin me atopo en situación de incompatibilidade.
4. Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a fotocopia cotexada do meu DNI ou Tarxeta de Residente.
5. Que presento toda a documentación numerada correlativamente. Documentación acreditativa de méritos alegados.
6. Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación. (Anexo II)

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo. O abaixo fírmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2016

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte enderezo: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros.



CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE SEXTA PARÁGRAFOS d) E e) DAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS (2) OFICIAIS PARA O SERVIZO DE AUGAS MUNICIPAL AO ABEIRO DO CONVENIO ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO-PROGRAMA DEPUEMPREGO.

D/D^a, con documento nacional de identidade número....., e enderezo en.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade ou de incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público, estar separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades locais, nin estar inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.

Barreiros, ____ de _____ de 2016

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS